



# **CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)**

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

Expediente núm. 2023/X999/000715  
2023/G003/001858

## **DECRETO DA ALCALDESA EN FUNCIONS**

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

No expediente de referencia e en data 21/04/2023 a concelleira-delegada de Área ditou o seguinte acto de trámite:

### **“PROVIDENCIA DE INICIO DO PROCEDIMENTO**

Este concello dispón de dúas prazas de técnico de administración xeral (TAX), creadas no cadro de persoal e desempeñadas por persoal funcionario de carreira.

O funcionario desa categoría profesional encargado dos asuntos de persoal (J.G.P.A.) non prestou servizos desde o 02/03/2021, data na que iniciou un período de incapacidade temporal (IT), incluída a súa prórroga. Os períodos de alta de IT non supuxeron nunca a incorporación efectiva e material ao traballo, pois foron seguidos do desfrute de vacacións, permisos e libranzas por compensacións.

A referida situación de baixa obrigou ao nomeamento interino dunha funcionaria TAX, que iniciou a súa relación o 23/07/2021, pero que rematou coa súa renuncia o 01/04/2022.

Fóra dese período de pouco máis de oito meses, o desempeño das funcións de técnico de persoal recaiu no outro TAX funcionario de carreira (J.M.C.A.) que sumou esas funcións ás propias do seu posto de traballo, co esforzo que esa situación conleva.

Na actualidade o funcionario J.G.P.A. atópase de novo na situación de IT, sen que se coñeza a posible data de reincorporación ao traballo e, ademais, a súa idade de ordinaria de xubilación é o 03/12/2023.

No eventual suposto de que se produza a alta desde a situación de IT o funcionario concernido ten dereito ao desfrute de vacacións e permisos, polo que resulta inviable a súa substitución con un nomeamento baixo a modalidade establecida no artigo 10.1.b) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP), pois cada



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

incidencia de alta desde IT obrigaría ao cesamento da persoa interina substituta.

Por todo o exposto considérase necesario efectuar un nomeamento interino dun funcionario ou funcionaria coa categoría de TAX, baixo a modalidade de acumulación de tarefas regulada no artigo 10.1.d) do TRLEBEP.

Este nomeamento concluiría cando se producise a primeira vacante de técnico/a de administración xeral -que permitiría, nese suposto, proceder a outro tipo de nomeamento- e estaría sometido ao límite de duración establecido legalmente (nove meses, dentro dun período de dezaioito meses).

Esta Concellaría Delegada resulta competente para ditar o presente acto de trámite, en virtude do establecido no Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño, de delegación de competencias nas concellarías (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

En virtude de todo o exposto, a través da presente providencia, DISPOÑO:

**Que por parte do servizo correspondente se inicie e tramite o procedemento encamiñado ao nomeamento dunha persoa funcionaria interina, por acumulación de tarefas, coa categoría de técnico de administración xeral (TAX)."**

Esta entidade local conta con unha única lista de espera ou bolsa de traballo vixente da referida categoría profesional, aprobada a través do Decreto núm. 1268/2021, do 7 de xullo (expediente 2021/G003/001336), e que trae a súa causa do procedemento selectivo tramitado no seo do expediente 2021/E001/000006, convocado mediante a Resolución 745/2021, do 22 de abril (BOP núm. 77, do 27/04/2021).

Efectuados os chamamentos das tres persoas integrantes da lista, pola orde de prelación establecida, todas elas -Jesús Roibal Paseiro, María Roca Vázquez e Pilar Bermúdez González- renunciaron a ser nomeadas.

### FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 8 das reitoras da convocatoria establece o funcionamento da lista de espera, e as consecuencias do rexeitamento das ofertas, distintas segundo concorran ou non as causas de xustificación sinaladas. Neste caso ningunha das persoas concernidas invocou nin xustificou ningunha causa que habilite para conservar a



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

posición na lista, pero o feito de que todas elas renunciasesen, supón que a orde de prelación existente permanece inalterada.

Por outra parte, é a primeira ocasión na que se utiliza esta lista, polo que as persoas integrantes da mesma incorreron nun chamamento sin xustificar.

A este respecto cómpre sinalar que de se producir dous rexeitamentos sen existir e xustificar unha das causas establecidas na meritada base, a persoa interesada será dada de baixa con carácter definitivo da referida lista de espera.

O resultado infrutuoso do procedemento obriga a ditar unha resolución na que se acorde **declarar deserto o expediente** e, ao mesmo tempo, **actualizar a lista de espera ou bolsa de traballo**.

A atribución para ditar a presente resolución correspóndelle ao concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, por mor do disposto no Decreto núm. 1529/2023, do 5 de xullo, de delegación de competencias nos membros da Corporación municipal (BOP núm. 133, do 13/07/2023). Porén, mediante o Decreto núm. 1733/2023, do 28 de xullo, estableceuse o calendario de substitucións nas funcións da Alcaldía durante o mes de agosto (BOP núm. 147, do 03/08/2023) e, así, do 14 ao 20 de agosto, correspóndelle a Elena López Seco, terceira tenente de alcalde, asumir as funcións da Alcaldía e do resto de Tenencias de Alcaldía.

Por todo o anteriormente exposto, a través do presente decreto, RESOLVO:

**1º Declarar deserto o procedemento tramitado para o nomeamento dun/ha técnico/a de administración xeral (TAX) coa condición de persoal funcionario interino mediante a modalidade de exceso ou acumulación de tarefas, segundo o disposto no artigo 10.1.d) do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP).**

**2º Actualizar a lista de espera (bolsa de traballo), de técnico/a de administración xeral (TAX), que queda establecida como segue:**

**1. Jesús Roibal Paseiro, con DNI \*\*\*8442\*\***

**2. María Roca Vázquez, con DNI \*\*\*4609\*\***



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

### 3. Pilar Bermúdez González, con DNI \*\*\*1055\*\*

#### 3º) **Publicar a presente resolución na sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal.**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) . Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lle teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar dende o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpor calquera outro recurso que estime procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatira dixital

A alcaldesa en funcións

Elena López Seco



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: JMCA

FIRMADO POR Elena López Seco (FECHA: 16/08/2023 10:10:00) , José Manuel Cabarcos Anca (FECHA: 16/08/2023 10:35:00)

Decreto Nº: 1807/2023 - Fecha de decreto: 16/08/2023

Versión imprimible

CVD: Un6StoUnDipMQpdRlOxm  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.